



ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS MONTE DO MUIÑO
C.E.I.P. PI. NOVO MESOIRO
RUA FRAGAS DO EUME, S/N – A CORUÑA
G-01864357

BASES DO CONCURSO DE DEBUXO “DÍA DA MULLER”

A ANPA Monte do Muiño, coma responsable da organización do concurso polo día da muller, con motivo da celebración do mesmo o 08 de marzo do 2024, ven a establecer as seguintes bases para a participación no concurso:

1. O concursante pode ser **calquera alumn@ do CEIP Plurilingüe Novo Mesoiro**.
2. Os concursantes serán divididos en **dous grupos de participación**, en función do curso ao que correspondan:
 - a. Grupo A: Ed. Infantil (4º, 5º e 6º EI) e primeiro ciclo de Ed. Primaria (1º e 2º EP).
 - b. Grupo B: Segundo e Terceiro ciclo de Educación Primaria (3º, 4º, 5º e 6º).
3. **Aspectos a valorar do debuxo:**
 - a. O tema central do debuxo será “a muller”.
 - b. Debe reflexar a situación dalgunha muller cambiando o mundo, da igual que sexa alguén famoso, familiar, alguén do futuro ou imaxinario.
 - c. Para a valoración, teremos en conta a orixinalidade e o papel principal da muller no debuxo.
 - d. O debuxo non deberá ter un tamaño superior a un folio A4.
4. **Entrega do debuxo:**
 - a. Prazo: Admitiranse os debuxos **entregados ata o día 01/03/2024**, inclusive.
 - b. Datos identificativos: Debe constar o curso (non é necesario indicar o grupo) e un email ou teléfono de contacto do pai/nai/titor
 - c. Formato e identificación:
 - i. **Dixital***: O debuxo escaneado (en PDF, JPEG ou calquera outro formato de imaxe) será enviado por correo electrónico a info@anpamontedomuino.es, indicando no asunto “**CONCURSO DÍA DA MULLER 2024**”.
Axuntárase o arquivo no email, e no corpo do correo indicáranse os datos identificativos indicados anteriormente.
 - ii. **Papel**: O debuxo pode ser entregado en papel na conserxería co CEIP, onde haberá un cartafol para gardalos.
Debe entregarse, xunto co debuxo en papel, unha nota anexa onde conste o título “**CONCURSO DÍA DA MULLER 2024**” e os datos indicados anteriormente
 - d. No caso de non facer constar os datos identificativos indicados, o debuxo non será incluído como participante no concurso, ao non ser posible identificalo en caso de ser seleccionado como finalista.
5. **Votacións:**
 - a. A ANPA realizará unha preselección de 3 finalistas do Grupo A e outros 3 finalistas do B.
 - b. Os 3 debuxos finalistas de cada grupo serán publicados no instagram da ANPA ([@anpamontedomuino](https://www.instagram.com/anpamontedomuino)) para a votación popular dos mesmos. A votación estará habilitada entre os días 03/03/2024 e 06/03/2024, ambos inclusivos.
 - c. O debuxo gañador será o que máis “Gústame” reciba ata o 06/03/2024 as 23:59h. A partir dese momento, non se contabilizarán máis “Gústame” e a ANPA conservará unha captura do debuxo e o número de votos rexistrados.
 - d. Tódolos debuxos, finalistas e non finalistas, serán expostos no CEIP PI. Novo Mesoiro.
6. **Premios:** Se fará entrega dun premio en cada un dos grupos participantes (un premio para o Grupo A e un premio para o Grupo B), que se corresponderá cun libro adaptado o grupo de participación. O citado libro terá como temática o papel e a loita da muller.
7. **Entrega de premios:**
 - a. O día 08/03/2024 publicaranse en RRSS os debuxos gañadores.
 - b. A ANPA notificará por email ou teléfono ao gañador o resultado.
 - c. A entrega de premios se realizará o 08/03/2024 no local da ANPA no CEIP Plurilingüe Novo Mesoiro (de non ser posible acudir ese día, acordarase co gañador outro momento para a entrega do premio).

AGRADECEMENTOS:

Agradecemos a colaboración do **CEIP Plurilingüe Novo Mesoiro** e da librería **Menudo Papelón**, para poder levar a cabo este concurso.

En A Coruña, a 23/02/2024

Att. Xunta Directiva ANPA Monte do Muiño